



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000018

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día dezaoto de maio de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 256 de data 16 de maio/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Alejandro Antonio García Sousa. Non acude por causas xustificadas, dona Jessica Sabín Fernández. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: 04.05.23 E 11.05.23 .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións de 04.05.23 e 11.05.23 quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes ás mesmas).

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS PENDENTES DO ANO 2022, VINCULADOS AO PROXECTO 2021/2/PT021/1/1.-

Informase á Xunta de Goberno Local, das facturas pendentes do ano 2022 vinculadas a proxecto 2021/2/PTO21/1/1, do informe de intervención desfavorable nº 17/2023 (EMP 54/2023) con reparo suspensivo, e de que se levantou dito reparo pola alcaldía mediante decreto 261/2023 e da posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS PENDENTES DO ANO 2022 VINCULADAS A PROXECTO 2021/2/PTO21/1/1

Elabórase a seguinte relación de facturas vinculadas ao proxecto 2021/2/PTO21/1/1 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 3

facturas ascende á cantidade de VINTE E UN MIL SEISCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (21.658,90 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada integrada por tres facturas, vinculadas ao proxecto 2021/2/PTO21/1/1 por importe bruto de 21.658,90 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Á vista de que están preparados tres asuntos, que sería convinte axilizar o sr. alcalde presenta os mesmos via urxenza:

.- Escrito da empresa SYR-AMG aportando documentación en relación a solicitude de revisión de presos que ten cursada en calidade de adxudicataria dunha obra, convindo dar coñecemento do mesmo, incorporado ao expediente da súa razón.

.-Contrato menor para prestación do servizo de atención da oficina de turismo, que convén ten operativa para esta época, con maior afluencia de visitantes.

.- Aprobación de Certificacións de Obra (AGADER 2022-2023), urxindo a súa tramitación para poder xustificar a efectos da subvención.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda ratificar a urxencia e a inclusión nesta sesión (Fóra da Orde do Día) dos asuntos anteditos:

.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN POLA EMPRESA SYR-AMG, S.L PARA REVISIÓN PREZOS. EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: REPARACIÓN ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRÁDIGAS E OUTROS. EXPTE.- 2021/C003/000007.-

Antecedentes.-

Presentada pola empresa adxudicataria da obra do proxecto referenciado, solicitude de revisión de presos, deuse conta do mesmo en sesión ordinaria celebrada o 15.12.22, cuio texto se reproduce:

“Expte. 2021/C003/000007

Proxecto obra: REPARACIÓN ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRÁDIGAS E OUTROS.

Asunto: Escrito empresa adxudicataria (SYR-AMG) relativa a revisión de prezos.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de escrito presentado por SYR-AMG en data 7.12.2022, de nº rexistro 202299900001846 do seguinte contido:

“D. José Antonio Gómez Rodríguez, con DNI nº 79.313.970-B en nome e representación de SYR-AMG, S.L con domicilio social en Froxil, 5 Mesón do Vento, 15689 Ordes A Coruña, CIF Nº B-15.938.780, como adxudicatario da obra: “Reparación de estradas en Beceiros, Domondo, Frádigas e Outros”.

EXPÓN: Que en data 19/05/2022 presentouse escrito solicitando revisión excepcional de prezos, ao abeiro do R.D.L 13/2022 de 2 de marzo “de medidas excepcionales en materia de revisión de prezos en los contratos públicos de obras”.

Para poder xustificar dita revisión de prezos necesitamos ter os índices dos prezos dos materiais actualizados, ao mes das certificacións da obra en cuestión.

Acontece que o Instituto Nacional de Estatística (INE) a data de hoxe só ten publicados os índices de prezos de materiais ata o mes de marzo de 2022, polo que teremos que esperar á publicación dos índices do mencioando mes para proceder ao cálculo da revisión de prezos correspondente a esta obra.

Unha vez que o INE publique os índices ao mes da última certificación, presentaremos ao Concello os cálculos xustificativos da revisión de prezos.

Para que conste e aos efectos oportunos, asina a presente.

En Mesón do Vento, a 05 de decembro de 2022.

Asdo. José Antonio Gómez Rodríguez”

A dita obra está executada e recepcionada con data 05/09/22 así como xustificada ante a Deputación Provincial da Coruña quen notifica en data 29.09.22 a aprobación e acordo de pagamento a Concello.

A Xunta de Goberno Local, adopta acordo, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (3 votos dos 5 que a compoñen), de:

Primeiro.- Trasladar ao Diretor de Obra, Miguel Angel Fernández Rivera a petición da empresa SYR-AMG aos efectos de que informe sobor dos indices de prezos dos materiais actualizados ao mes das certificacións de obra.

Segundo.- Se emitan os correspondentes informes pola secretaría e intervención municipal sobor da petición da empresa.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á peticionaria.”

En execución do acordo practícanse notificacións do mesmo ao director de obra (registro saída 19.12.22 nº 202200000002821), con xustificante de aceptación polo usuario nesta mesma data; e a empresa peticionaria (registro saída 19.12.22 nº 202200000002822), con xustificante de aceptación tamén nesta data 19.12.22.

Mediante rexistro 202399900000676 de 25.04.23, José Antonio Gómez Rodríguez, en representación da entidade SYR-AMG, S.L. presenta documento adxunto sobre revisión de prezos.

Tomada conta pola Xunta de Goberno Local, en esta sesión do 18.05.23, este órgano, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión, **ACORDA:**

Primeiro.- Dar traslado da dita documentación presentada por SYR-AMG, S.L. ao director de obra para que informe sobor da mesma e dos extremos que considere convintes en canto á revisión de prezos.

.- ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NA OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE VALDOVIÑO, POR CONTRATO MENOR.-

INFORME DE NECESIDADE E PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación de A Coruña, en sesión do 3 de febreiro do 2023, polo que se aproban as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficina de turismo en 2023.

A Base 6.1 da Parte específica do referido Programa da Excma. Deputación de A Coruña para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023 determina que (...) no caso de non contar con persoal técnico de turismo no cadro de persoal do Concello, a selección para o ano 2023, realizarase en réxime de dereito laboral ou administrativo, con cumprimento das disposicións vixentes, respectando, en todo caso, os requisitos de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O procedemento de selección do persoal ou da contratación do servizo poderá desenvolverse por parte da entidade local de forma parella ao procedemento de resolución das subvencións, de maneira que a contratación efectiva do persoal non sufra demoras unha vez publicada a resolución definitiva do programa DP0029.

Así as cousas, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, polo Decreto 197/2023 de data 18 de abril do 2023 esta Alcaldía acordou finalizar a execución do (...) Programa 2022-2024 de carácter temporal para a atención da oficina de turismo do Concello de Valdoviño pois a axuda solicitada a Excma. Deputación de A Coruña para o financiamento do gasto de persoal da oficina de turismo durante o ano 2023 queda supeditada ao disposto na Base 2 da Parte específica da Convocatoria DP0029/2023.

Para seguidamente (...) iniciar a tramitación da selección para o ano 2023, en réxime de dereito laboral ou administrativo, con cumprimento das disposicións vixentes, respectado, en todo caso, os requisitos de igualdade, mérito, capacidade e publicidade pois o Concello de Valdoviño non conta con persoal técnico de turismo no cadro de persoal.

Vista a Providencia de Alcaldía asinada en data 9 de maio do 2023.

En cumprimento do establecido no artigo 118.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, na súa redacción dada polo Real Decreto Lei 3/2020, do 4 de febreiro, esta Alcaldía emite o seguinte INFORME PROPOSTA para xustificar os seguintes extremos:

O Concello de Valdoviño ten a necesidade de abrir a oficina de información turística para potenciar os recursos turísticos da entidade local, poñer en valor os atractivos do lugar, liquidar as dúbidas dos usuarios prestando unha atención presencial o máis personalizada posible e lograr incrementar a relevancia turística de Valdoviño na contorna que repercutirá favorablemente sobre o tecido económico municipal.

Polo tanto, a contratación proxectada pretende satisfacer a necesidade municipal de prestar o servizo de atención presencial á cidadanía para informar dos recursos turísticos do Concello de Valdoviño dende o 1 de xuño ao 30 de setembro do 2023.

O orzamento para a apertura e atención presencial á cidadanía na oficina de información turística do Concello de Valdoviño no ano 2023 ascende a 14.290,58 € (IVE engadido).

Polo tanto, ao ser o seu valor estimado inferior a 15.000,00 €, o contrato menor, dada a natureza do servizo, esta Alcaldía estima máis adecuado que a utilización de calquera outros dos previstos na vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A vista do anterior, a contratación que se pretende non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos principios da contratación pública nos umbrais establecidos.

Queda acreditada a existencia de crédito pois consta na contabilidade do orzamento de gastos municipais a retención de crédito número 220230004037 por importe de 14.290,58 € (IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria 432.22799 referida á adxudicación do servizo de atención da Oficina de turismo do Concello de Valdoviño.

Conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, así como o disposto no artigo 118 en relación ca Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público tendo en consideración o establecido no Decreto 229/2019, esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Autorizar o correspondente gasto por importe de 14.290,58 (IVE engadido) para a prestación do servizo de atención ao público na oficina de información turística do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor a Goodlife Factory S.L. con C.I.F. núm. B70534573 por importe total de 14.290,58 € (IVE engadido) para a prestación do servizo

de atención ao público na oficina de información turística do Concello de Valdoviño dende o 1 de xuño ao 30 de setembro do 2023.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Base 17ª das Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Valdoviño para o ano 2023, Goodlife Factory S.L. con C.I.F. núm. B70534573 deberá achegar

- Declaración responsable asinada polo adxudicatario de ter capacidade para contratar coa administración e non atoparse en ningunha das circunstancias a que fan referencia os artigos 71 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, relativos á prohibición de contratar.

- Certificación bancaria da conta á que se fará o pago.

. - Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social (artigo 43.1. f) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria). Respecto a alta no IAE, se xustificará mediante presentación desta e, no seu caso, do último recibo sobre dito imposto, a que se acompañará una declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á Intervención municipal e a Tesourería municipal aos efectos oportunos.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS Nº 1 E Nº 2 E DAS CORRESPONDENTES FACTURAS DA OBRA: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Proposta de aprobación da Certificación de Obra núm. 1 da Obra REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), asinada polo Director de Obra e polo contratista en data 3 de maio do 2023 por importe CERO EUROS (0,00 €) e presentada ante o Concello de Valdoviño en data 10 de maio do 2023 (Número de rexistro 202399900000766).

Proposta de aprobación da Certificación de Obra núm. 2 da Obra REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), asinada polo Director de Obra e polo contratista en data 5 de maio do 2023 por importe de SETE MIL OITO CENTOS VINTE E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (7.825,64 €).

A devandita Certificación de Obra núm. 2 da Obra REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA foi inxerida no Rexistro do Concello de Valdoviño en data 10 de maio do 2023 (Número de Rexistro 202399900000766) e a correspondente factura A 2023028 foi presentada telemáticamente o 10 de maio do 2023 pola empresa adxudicataria Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106 por importe de SETE MIL OITO CENTOS VINTE E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (7.825,64 €).

Visto o Informe emitido pola intervención municipal en data 18 de maio do 2023, desfavorable 18/2023 (EMP 59/2023) con reparo non suspensivo. Conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a Certificación de Obra núm. 1 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), asinada polo Director de Obra e polo contratista en data 3 de maio do 2023 por importe CERO EUROS (0,00 €).

Segundo.- Aprobar a Certificación de Obra núm. 2 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), asinada polo Director de Obra e polo contratista en data 5 de maio do 2023 por importe de SETE MIL OITO CENTOS VINTE E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (7.825,64 €).

Terceiro.- Aprobar a correspondente factura A 2023028 referida á Certificación de Obra núm. 2 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E) que foi presentada Plataforma de Facturación FACe o 10 de maio do 2023 pola empresa adxudicataria Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106 por importe de SETE MIL OITO CENTOS VINTE E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (7.825,64 €).

Cuarto.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da Certificación de Obra núm. 2 do REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE COSTEIRA, BROÑO E MOURELA da Convocatoria Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022 – 2023 (MR701E), deberán descontárselle 183,75 € pola dirección e inspección de obra e 61,25 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada na marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas _do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/